



DEPUTACIÓN OURENSE
PRESIDENCIA

Copia

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REXISTRO XERAL	
12 ABR. 2016	
N.º ENTRADA	N.º SAIDA 4761

En contestación á petición realizada na sesión plenaria de data 31 de marzo de 2016, relativa ao parque biosaudable de Boborás, achégolle informe do xefe do Servizo provincial de Investimentos, Subvencións e Patrimonio.

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 8 de abril de 2016

O PRESIDENTE



José Manuel Baltar Blanco.

RAMIRO RODRÍGUEZ SUÁREZ, deputado provincial do Grupo B.N.G.

Grupo do BNG.- Deputación Provincial de Ourense.

Javier Martínez de Anta, xefe do Servizo provincial de Investimentos, Subvencións e Patrimonio da deputación provincial de Ourense, en contestación á pregunta formulada polo deputado provincial do grupo do BNG, D. Ramiro Rodríguez Suárez, en relación coa subvención concedida ó Concello de Boborás para a creación dun parque biosaudable na parroquia de Pazos de Arenteiro, por medio da presente informa:

1.- Que mediante providencia da Presidencia provincial de 8 de marzo de 2016, incoouse expediente de reintegro contra do Concello de Boborás por inexecución parcial do investimento “Creación de parques biosaudables nas parroquias de Cameixa, Astureses, Brués, O Regueiro, Pazos de Arenteiro, Xendive, Moreiras e Albarelos”, resultando un importe a reintegrar de 604,52 €.

2.- Que mediante decreto da alcaldía de 6 de abril de 2016, o Concello de Boborás acordou reintegrar a Deputación a cantidade reclamada.

E canto cabe informar, en Ourense a 7 de abril de 2016.

O Xefe de Servizo,

Asdo.: Javier Martínez de Anta